

2023



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

**MÚSICA - FOLK TRADICIONAL
TEATRO - JAZZ - MUSICAL
COMEDIA - INFANTIL - GOSPEL**

PROGRAMACIÓN OUTUBRO / NOVIEMBRE / DICIEMBRE

PROGRAMACIÓN **OUTUBRO/NOVEMBRO/DECEMBRO 2023**

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:

De luns a venres

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:30 horas

Sábados

9:30 a 14:00 horas

17:00 a 20:00 horas

Teléf. 981 102 897

(Despacho de billetes)

taquilla.pazo@naron.gal

OUTUBRO

Sábado 21

20:00 horas

Pazo da Cultura

Música

Tennessee

RADIO VINTAGE - XIRA 2023

NOVEMBRO

Venres 3

20:30 horas

Pazo da Cultura

Fusión/Folk-tradicional

MIGUEL LAMAS E ARDORA

CONCERTO

Sábado 4

20:00 horas

Pazo da Cultura

Teatro Contemporáneo

Titzina Teatro

BÚHO

Venres 10

20:30 horas

Café-Teatro do Pazo da Cultura

Jazz

La Vella Dixieland

1917

Sábado 11

20:00 horas

Pazo da Cultura

Musical

CTME

CHICAGO LIFE - EL MUSICAL

Domingo 12

18:00 horas

Pazo da Cultura

Musical

CTME

EL MUSICAL DE COCO "RECUÉRDAME"

Xoves 16

20:30 horas

Pazo da Cultura

Teatro Clásico

Comedia Nacional de Uruguai

CONSTANTE

Sábado 18

20:00 horas

Pazo da Cultura

Teatro Contemporáneo

Focus

LA ISLA DEL AIRE

Domingo 19

18:00 horas

Pazo da Cultura

Comedia

Ghazafellos

ÁNDALE!!! BUEN APETITO!!!

ESTREA

Venres 24

20:30 horas

Pazo da Cultura

Música Folk-tradicional

Xabier Díaz & As Adufeiras de Salitre

AS CATEDRAIS SILENCIADAS

Sábado 25

20:00 horas

Pazo da Cultura

Drama

Talía Teatro

UNHA INIMIGA DO POBO

Domingo 26

18:00 horas

Pazo da Cultura

Teatro para a primeira infancia (de 6 meses a 5 anos)

Teloncillo

NIDOS

DECEMBRO

Venres 1

20:30 horas

sábado 2

20:00 / 22:30 h.

Pazo da Cultura

Comedia

AINÉ

CORENTENA

Domingo 3

18:00 horas

Pazo da Cultura

Danza e música tradicional

ALXIBEIRA

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DE "ALXIBEIRA"

Sábado 16

20:00 horas

Pazo da Cultura

Gospel

The New Orleans Gospel Stars

THE STREETS of New Orleans

Domingo 17

19:00 horas

Pazo da Cultura

Música

Tertulia Producción

REMEMBER QUEEN

Venres 22

20:00 horas

sábado 23

17:30 e 20:00 h.

Pazo da Cultura

Circo

LA FIESTA ESCÉNICA

CIRCO MÁGICO DE NAVIDAD

Sábado 21 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA



Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos | castelán

TENNESSEE

RADIO VINTAGE-XIRA 2023

Falar de TENNESSEE é falar da historia musical de España por méritos propios. A cantidade de números un que teñen no seu repertorio é impresionante: "Te vi correr" "Llueve en mi corazón", "Rama lama ding dong"... e tantas outras cancións.

Dos discos "Una noche en Malibú" (1989), "Llueve en mi corazón" (1991) e "Sueños" (1992) venderon case dous millóns de discos.

A banda xurde en 1978 baixo o nome Elvis Boys para, en 1980, pasar a denominarse "Tennessee".

O seu estilo é o rock&roll na súa ampla variedade, incluíndo blues, swing, rock, doowop...

interpretando cancións propias ademais de adaptacións ao español de clásicos do rock.

Tras máis de 40 anos de historia, con miles de concertos e millóns de discos vendidos, Tennessee fará parada en Narón, da man da produtora local Eventi, dentro da súa xira 2023 que os está levando a escenarios de toda España.

Espectáculo fóra de bono

PREZOS: Venta anticipada: (do 16 de maio ao 31 de agosto)

Patio de butacas: 20,00 €

Anfiteatro 1: 17,00 €

Anfiteatro 2: 15,00 €

Do 1 de setembro ao 21 de outubro

Patio de butacas: 25,00 €

Anfiteatro 1: 22,00 €

Anfiteatro 2: 20,00 €

Venres 3 de novembro

20:30 | Pazo da Cultura

FUSIÓN/FOLK-TRADICIONAL



Todos os públicos | 1 hora e 20 minutos | galego

MIGUEL LAMAS E ARDORA **CONCERTO**

Tras máis de 25 anos de carreira e despois de tocar por unha infinidade de países con bandas e artistas de todo tipo, o músico galego Miguel Lamas (Ferrol, 1993) decide neste novo proxecto fusionar o mellor da música afro jazz, brasileira ou africana, con "recolleitas" tradicionais da música popular galega.

As "recolleitas" son melodías e letras de tradición oral que se cantaban no momento de labranza nos pobos. Son cánticos cargados de emoción, nos que se expresan alegrías, perdas, amores...compostas de maneira espontánea en galego tradicional e que perduran no tempo grazas ao labor de múltiples musicólogos e estudosos da tradición oral.

En "Ardora", estas melodías forman a base dunha música totalmente novidosa, na que a fusión é a clave fundamental, ademais da riqueza harmónica e, especialmente, rítmica.

Miguel Lamas empeza a tocar a batería con tan só cinco anos, empezou a asistir a clases de teoría da música e batería. Traballou con artistas e bandas como Abraham Mateo, Raimundo Amador, Ou'Funkillo, David Bustamante, Soraya Arnelas, Lérica, Miguel Ríos, Andrés Suárez, Tomasito, Juanito Makandé, A Susi, Pepe Bao, Canijo de Xerez, Santiago Campillo, Carlos Segarra, Lin Cortés, Rafa Kas, Dean Bowman, Raynald Colom, Pablo Bicho, Dany Noel, Brothers in Band, Bellón Maceiras Quintet, Julie Guravich & Telespoting, tanto en vivo como en estudo, traballando tamén como produtor nalgúns dos álbums, así como en proxectos persoais como o trío de jazz fusión "1045" con Iago Mouriño e Octavio Vargas. Traballou como produtor, realizando o primeiro disco de Olaya Alcázar: "Aquela Vez Que Decidín..." e o seu primeiro disco en solitario "Melted Lives" onde gravaron artistas como Tom Kennedy, Jorge Vistel, Gergo Borlai, Andreas Lutz... Actualmente traballa co seu propio proxecto, Miguel Lamas & Ardora, tocando en festivais de lugares de toda Europa, e tamén tocando en festivais de batería e facendo clinics en todo o mundo.

Jorge Beira (Chile) - **piano, teclados**

Jurandir Santana (Brasil) - **guitarra, voz**

Dany Noel (Cuba) - **baixo, voz**

Miguel Vázquez (A Coruña, España)

Irene de Lema (Madrid, España)

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 4 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 1 hora e 25 minutos | castelán

TITZINA TEATRO **BÚHO**

Pablo, un antropólogo forense especializado en xacementos paleolíticos, sofre un ictus que lle provoca unha amnesia grave. Asistimos a unha procura interior pola súa memoria, os seus records e, en definitiva, a súa identidade.

Cunha dramaturxia baseada nun longo proceso de documentación, Titzina acompañou a persoas reais que transitan diariamente na profundidade: espeleólogos, antropólogos forenses especializados en arte rupestre, Mossos de Esquadra da unidade do subsolo e exploradores urbanos ilegais, así como neuropsicólogos e pacientes do Institut Guttmann para a rehabilitación da memoria.

As súas experiencias e coñecementos constrúen esta ficción teatral.

Idea, creación, dirección e interpretación:

Diego Lorca e Pako Merino

Dramaturxia: Diego Lorca

Escenografía: Rocío Peña

Iluminación: Jordi Thomàs

Vestuario: Ona Grau

Música e son: Jonatan Bernabeu e Tomomi Kubo

Construción de escenografía:

Albert Ventura e La Forja del Vallès

Vídeo: Joan Rodón

Fotografía: Quim Cabeza

Deseño: Isabel Bonilla

Dirección técnica: Albert Anglada

Produción: Luz Rondón

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 10 de novembro

20:30 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

JAZZ



Todos os públicos | 1 hora e 15 minutos

A VELLA DIXIELAND 1917

En 1917 fíxose a primeira gravación da historia do jazz, Tiger Rag pola Original Dixieland Band, e por tanto é o referente máis antigo que podemos atopar os que empezamos a tocar esta música a finais do século XX.

Anos moi convulsos pero dunha grande riqueza creativa en todas as artes.

Con este proxecto volvemos ás nosas orixes, o jazz máis tradicional, o repertorio inclúe temas das lendarias orquestras de Jelly Roll Morton, Kid Ory, Sidney Bechet ou Louis Armstrong, recreando a súa sonoridade orixinal.

As circunstancias pandémicas impediron que puidéramos celebrar o 40 aniversario de La Vella Dixieland.

Por tanto, decidimos celebrar o 40+1

E queremos facelo mirando ao futuro. Nesta nova proposta, convidamos a tres grandes músicos da última xeración que destacan no panorama musical nacional por méritos propios: Irene Reig aos saxos, Joan Mar Sauqué á trompeta e Pablo Martín ao trombón.

Con eles queremos revisar parte do noso repertorio: ademais de jazz tradicional, esta especial formación permítenos incidir especialmente no repertorio de big band e tamén no de brass band ao estilo de New Orleans.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 11 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

MUSICAL



Adultos (maiores de 18 anos) | 2 horas | castelán

CTME

CHICAGO LIFE. EL MUSICAL

Chega a Narón "Chicago Life. El Musical" Un gran show cun apaixonante guion orixinal, con trepidantes coreografías e grandes voces en directo, unha excelente posta en escena e as mellores cancións das películas LA LA LAND, CABARET, BURLESQUE e CHICAGO; todo ambientado no máis bullicioso e singular night club de Chicago, "The Magic Dwarf", para armar un apaixonante espectáculo que emocionará sen dúbida a todos os espectadores.

Un espectáculo que che fará formar parte da historia orixinal do mítico local no que nin a monotonía, nin o conformismo teñen cabida e onde o amor e a amizade farante sentir e vibrar.

Un gran espectáculo cheo de maxia, sensualidade e música... ¡CHICAGO LIFE! ¡VÍVEO e EMOCIÓNATE!

Equipo artístico

Nacho Escudero Muñoz - Javier Villalobos -
Antonio Villalba - Rubén Jiménez - Carlos Macías -
Trinidad Albert - Celia Gambín - Fran Bordonado -
Roberto Hernández - Mara López - Rebeca Ortiz

Equipo creativo

Dirección Artística: Pedro Pomares

Dirección Musical: Velkan Matei

Guión orixinal: Tomás Ferrando

Coreografías: Iván Miguel Arias

Espazo sonoro: Peter Berger

Vocal Coach: Celia Gambín

Espectáculo fóra de bono

PREZOS: Patio de butacas: 20,00 €
Anfiteatros: 18,00 €

Domingo 12 de novembro

18:00 | Pazo da Cultura

MUSICAL



Familiar e infantil (a partir de 2 anos) | 1 hora e 15 min. | castelán

CTME

EL MUSICAL DE COCO "RECUÉRDAME"

"Recuérdame, tributo a Coco" é o primeiro musical baseado nunha das películas máis entrañables de todos os tempos. Creado e representado pola prestixiosa COMPAÑÍA DE TEATRO MUSICAL DE ESPAÑA, dirixida por Pedro Pomares (El Fantasma de la Ópera, Los Miserables, La Bella y la Bestia, na Gran Vía de Madrid), poderemos gozar das míticas cancións da película, ademais das coreografías e voces de excepción de todos os seus intérpretes, en rigoroso directo.

Un espectáculo para Todos os Públicos, que está a percorrer os principais auditorios e teatros do país, e que conta todas as súas funcións con cheos absolutos.

Sen dúbida un dos musicais do ano que emocionará a espectadores de todas as idades.

Sinopse:

"Miguel é un mozo que soña con ser músico e chegar a alcanzar o seu soño de ser como o seu ídolo musical Ernesto da Cruz, pero a familia de Miguel négase a que el sexa músico por un terrible incidente coa música no pasado da familia... Miguel non desistirá ata lograr o seu soño."

Espectáculo fóra de bono

PREZOS: Patio de butacas: 14,00 €

Anfiteatro 1: 14,00 €

Anfiteatro 2: 14,00 €

Xoves 16 de novembro

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO CLÁSICO



Adultos | 1 hora e 30 minutos | castelán

COMEDIA NACIONAL DE URUGUAI **CONSTANTE**

Constante é unha obra escrita polo chileno Guillermo Calderón e o uruguaio Gabriel Calderón, en base a "El Príncipe Constante", de Pedro Calderón de la Barca. É un clásico reversionado no cal, os autores decidiron "queimar a biblioteca -parafraseando a Borges-" e "traballar co texto coma se estivese perdido, coma se xa non se puidese acceder a el, coma se o soñáramos mal, traducísemos peor, tal vez traizoando a Calderón, pero sendo fieis ao Teatro", explica o seu director.

Esta obra, que toma como base un clásico de Calderón de la Barca, atravesa a guerra, os soños, a arte e o teatro do tempo, para chegar ata aquí, onde os espectadores de hoxe e de mañá seguirán xulgándoo coa súa comprometida mirada.

Reparto en orden de aparición:

Karl: Pablo Varrailhón

Rita: Jimena Pérez

Joe: Juancho Saraví

Pernilla: Stefanie Neukirch

Opa: Luis Martínez

Escenografía: Lucía Tayler

Iluminación: Sofía Ponce de León

Vestuario: Virginia Sosa

Música: Luciano Supervielle

Dirección xeral e artística: Gabriel Calderón.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 18 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adultos | 1 hora e 20 minutos | castelán

FOCUS

LA ISLA DEL AIRE

En Menorca, unha familia de cinco mulleres, guiadas pola vella Mencía (a matriarca da familia), adéntranse nunha viaxe en barca á Illa do Aire.

A desaparición de Helena, a neta maior de Mencía, está moi presente na mente da familia e, durante esta excursión, Mencía obrigará ás súas fillas e netas a enfrontarse á verdade e aos segredos que ocultan.

Autoría: Alejandro Palomas - **Dirección:** Mario Gas

Intérpretes:

Nuria Espert: **Mencía**

Vicky Peña: **Lía**

Teresa Vallicrosa: **Flavia**

Claudia Benito: **Bea**

Candela Serrat: **Inés**

Escenografía: Sebastià Brosa - **Vestuario:** Antonio Belart

Iluminación: Paco Ariza

Música orixinal e espazo sonoro: Orestes Gas

Videoescena: Álvaro Luna coa colaboración de Elvira Ruiz

Caracterización: Núria Llunell - **Voz:** Anabel Moreno

Dirección de produción: Maite Pijuan

Producción executiva: Mireia Farrarons

Dirección técnica: Moisés Cuenca

Coordinación técnica: David Ruiz

Axudantía de dirección: Montse Tixé

Axudantía de escenografía: Laura Martínez Pi

Axudantía de vestuario: Maria Albadalejo

PREZOS: Público xeral: 18,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 12,60 €

Domingo 19 de novembro

18:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Familiar e infantil (a partir de 6 anos) | 1 hora | galego

GHAZAFELHOS

ÁNDALE!!!

BUEN APETITO!!!

ESTREA

"Ándale!!! Buen Apetito!!!" é a reposición da exitosa obra "Bon Apettit" de Teatro Ghazafellos.

Nesta ocasión, os nosos queridos chefs Felipe, Antonio e Francisco amosarán a deliciosa comida mexicana facendo un pequeno repaso da historia deste marabilloso país.

Tamales, enchiladas, tacos... todas estas receitas aderezadas co humor dos Ghazafellos onde aparecerán personaxes como Pancho Villa, Frida Kahlo, mariachis... e, como non, a participación do noso queridísimo público!! Ándale pues!!

Autor: Pepablo Patiño

Dirección: Pepablo Patiño

Adaptación: Teatro Ghazafellos

Escenografía: Teatro Ghazafellos

Iluminación: Ana Díaz

Vestuario: Teatro Ghazafellos

Elenco artístico:

Jorge Casas - Montse Piñón - Pepablo Patinho

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 24 de novembro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK-TRADICIONAL



Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos | galego

XABIER DÍAZ & AS ADUFEIRAS DE SALITRE **AS CATEDRAIS SILENCIADAS**

As Catedrais Silenciadas é o terceiro álbum do músico Xabier Díaz xunto coas Adufeiras de Salitre, quizais a obra que mellor reflicte a esencia do seu encontro e, tamén, a que explora os límites deste formato con maior profundidade. Este último traballo actualiza diferentes tipos de formas musicais: hai pasodobres como "No Salón das Cereixas", xotas como "Illas de Sal", alalás como o tema que da título ao disco, ribeiranas como "Tententublo" e muiñeiras e agarrados como o de "Vilar de Cabeiras 2.0".

O disco está a colleitar os mellores datos históricos para o proxecto: tres meses consecutivos no Top Ten do World Music Charts Europe e entrada na sección Top of the World da prestixiosa revista Songlines (número de agosto / setembro). Nela, os editores escollen os 10 mellores discos de cada mes en todo o mundo. A Transglobal World Music Charts, unha das listas máis prestixiosas, incluíu "As Catedrais Silenciadas" no seu ránking de mellores discos 2020-2021: no número 28 do mundo e no número 1 da península ibérica.

Trátase dunha escolma feita pola WMCE, a lista de música global máis prestixiosa do mundo, feita por críticos de máis dunha vintena de países. Na plataforma de venda online Amazon España, á súa publicación posicionouse no primeiro posto de vendas na categoría de álbumes de música folk, mentres que chegou a acadar o décimo segundo posto na lista de discos xeral. No eido dixital, os números avalan o impacto dixital e en redes da música de Xabier Díaz, máis de 11.000 oíntes mensuales en Spotify, 13.000 subscriptores na súa canle de youtube, 32.000 seguidores no sitio oficial de Facebook ou 19.000 en Instagram.

Con dez músicos sobre o escenario, o show de Xabier Díaz é sempre impactante e moi emocional. Disto encárganse, ademais do propio músico, as Adufeiras de Salitre que o acompañan nas voces e percusións. Non é menos importante a calidade instrumental de Iván Costa na zanfona e de Roberto Grandal no acordeón.

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 25 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA



Adultos | 1 hora e 30 minutos | galego

TALÍA TEATRO

Unha inimiga do pobo

Helena é unha doutora de prestixio internacional que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa xunto ao seu compañeiro. Embarazada de cinco meses, afronta o seu novo estado coa ilusión por un novo proxecto profesional co balneario que ela mesma deseñou e que se presenta como unha alternativa turística sostible e saudable.

A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte aos intereses económicos, van colocala no punto de mira da veciñanza que ve como se pon en risco a prosperidade para toda a comunidade.

Marta Lado - Toño Casais - Dani Trillo - Rubén Prieto -
Marta Ríos - María Ordóñez - Diego Rey - Artur Trillo -
Xurxo Barcala

Dirección: Tito Asorey

Adaptación: Vanesa Sotelo e Tito Asorey

Escenografía: Dani Trillo

Deseño iluminación: Laura Iturralde

Vestuario: Martina Cambeiro

Música: Manu Abrales

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 26 de novembro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO PARA A PRIMEIRA INFANCIA (de 6 meses a 5 anos)



Familiar | 35 minutos | castelán

TELONCILLO

Nidos

Nidos é un espectáculo-árbore cargado de obxectos e maxia. A árbore e as súas ramas, o bosque e os seus sons, os paxaros e os seus niños, inspiráronnos este traballo. Un niño é un lugar onde nace ou se orixina algo, un lugar onde se viviu cos pais e durante a infancia. Unha casa-cama onde dormen os ovos das aves e se crían os pitos. Os paxaros fabrican nos sitios máis insospeitados pero os nosos Nidos estarán nunha árbore moi particular.

Sinopse: Imos voar, cantar, escoitar, bailar, xogar e imos aniñar. Os paxaros penetraran nas cabezas dos pequenos espectadores e alí farán o seu particular Nido. Os nosos paxaros iranse a miúdo polas ramas; de día cando voen pintarán o aire, serán artistas cando canten e pola noite, serán músicos durmidos nas ramas.

Imos acubillarnos na árbore, a cheirar a tomiño, a comer froitos do bosque, a viaxar coa cegoña, co pica-piñeiros facer buracos, soñar co merlo; pero non todo serán paxaros. Imos pasar un intre cargado de xogos, voos, sons e niños.

Idea, guión e interpretación: Ana Gallego e Ángel Sánchez

Deseño de Escenografía e Atrezzo: Isidro Alonso

Realización de Escenografía: Fernando Pérez

Realización de Atrezzo: Eva Brizuela e Israel Robledo

Asesoría de Escenografía: Juan Carlos Pastor

Deseño gráfico e ilustración: Isidro Alonso

Asesoría de Maxia: Gonzalo Granados

Fotografía: Gerardo Sanz

Caderno pedagógico: La Clínica del lenguaje

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Menores de 14 anos: 5,50€

Venres 1 e Sábado 2 de decembro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 / 22:30 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adultos | 75 minutos | galego

AINÉ

CORENTENA

Perdomo e Touriñán en directo

Durante os meses de confinamento en 2020, David Perdomo e Xosé A. Touriñán comezaron a conversar en directo a través de Instagram. Naquelas noites improvisaban diferentes personaxes e interactuaban cos espectadores que se conectaban a estes vídeos en directo.

Agora, e baixo o título de "Corentena", dan o salto aos escenarios nun formato no que Touriñán e Perdomo pretenden pasalo tan ben ou mellor que o público, trasladando aos teatros a frescura daquelas noites de comedia.

En "Corentena", os dous cómicos rescatan algúns dos personaxes recorrentes daqueles directos, recreando de xeito artesanal os efectos e filtros cos que se caracterizaban e tamén nacen novas historias nun espectáculo no que a improvisación e a complicidade co público son as protagonistas.

Espectáculo fóra de bono

PREZOS: Patio de butacas: 18,00 €

Anfiteatro 1: 15,00 €

Anfiteatro 2: 12,00 €

Domingo 3 de decembro

18:00 | Pazo da Cultura

DANZA E MÚSICA TRADICIONAL



Todos os públicos | 90 minutos | galego

ALXIBEIRA

Presentación do programa de "Alxibeira"

GRUPO DE MÚSICA E BAILES TRADICIONAIS ALXIBEIRA

O Padroado da Cultura do Concello de Narón creou o grupo Alxibeira a finais de 1986 co obxectivo de revalorizar o folclore e costumes de Galicia e recuperar as nosas tradicións, fundamentando os traballos de investigación nas verdadeiras raíces autóctonas. Nos seus inicios, os compoñentes pertencían ás diversas Escolas de Baile e Música Tradicional que o Padroado da Cultura tiña espalladas polas parroquias, e a entidades privadas e públicas do propio Concello.

Na década dos anos 80 e primeiros anos dos 90 "Alxibeira" percorre as aldeas galegas na pescuda de bailes, músicas, etc. Con todos estes datos elabora o seu repertorio, composto por algúns dos bailes máis representativos de cada zona, e tamén por un bo número de cancións, coa intención de buscar os matices peculiares de cada comarca. O seu repertorio está formado por bailes, cantigas e músicas propias de aldeas das catro provincias galegas.

No que concirne ao vestiario, todos os traxes foron reconstruídos seguindo fielmente os patróns e tecidos dos traxes antigos.

A presentación oficial de "Alxibeira" tivo lugar o 30 de xullo de 1988, e desde entón leva feito innumerables actuacións pola xeografía galega, así como no Estado Español, Portugal, Alemaña, Polonia, Italia, Francia, Chipre, Chile, Cuba, Brasil, etc.

Tres son as monitoras didácticas que imparten clases semanais á agrupación: Belén Mato, Lorena Barea e Zahyra Regueira, baixo a dirección, desde outubro de 2020 de Quique Peón.

ASOCIACIÓN CULTURAL "CAMIÑO REAL" DE POULO

A asociación cultural "Camiño Real" de Poulo comeza a súa andaina aló polo ano 2003 cando 8 rapaces da parroquia de Ordes, sentiron a chamada da música tradicional e se xuntaron para comezar a tocar e bailar. Do que inicialmente era un grupo pequeno, pouco a pouco foi medrando ata chegar a actualidade, na que conta con máis de 60 membros de distintas idades que, semana a semana, se xuntan para aprender e gozar da música tradicional.

Tomamos o noso nome do Camiño de Santiago, xa que Poulo se atopa na penúltima etapa do Camiño Real Inglés.

Dende fai 4 anos, conta con Pichi Abollado e María Vidal como mestres de Canto, pandeireta e baile. Na parte de gaita e percusión temos a Marcos Varela. Con eles, a asociación trata de reproducir, o máis fielmente posible, as pezas recollidas por todo o territorio galego.

PREZOS: Público xeral: 2,00 € / Abonados: De balde

Sábado 16 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

GOSPEL



Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos | inglés

THE NEW ORLEANS GOSPEL STARS

The Streets of New Orleans

A nova produción de Grandes do Gospel para o Nadal do 2023 percorre a historia musical dunha das cidades icónicas da música internacional. O programa do concerto recrea os vellos himnos do gospel, inclúe unha selección de grandes hits con raíces na cidade e dá visibilidade, por primeira vez nun programa de gospel, a un subxénero que todo o mundo en todo o mundo identifica con Nova Orleans: o Jazz Funeral, que ten a súa orixe nos espirituais que as congregacións cantaban nas igrexas.

The New Orleans Gospel Stars, unha formación de 14 compoñentes con órgano, sección de ritmo e ventos, presenta en Europa "The Streets Of New Orleans", unha sentida homenaxe á cidade onde sempre hai música no aire.

Berce do Jazz, Espírito do Gospel, Casa do Rhythm & Blues. Con rúas con nomes de cancións, Bourbon, Basin, Perdido, onde os barrios están cheos de estrelas e lendas da música popular do século XX. Louis Armstrong, Mahalia Jackson, Fats Domino. New Orleans Gospel Stars conxuga xeografías e talentos nunha formación orixinal cun repertorio onde se dan a man as tradicións máis variadas.

"The Streets Of New Orleans" é unha mostra vibrante da tradición musical da cidade, unha viaxe de ida e volta desde as orixes en Congo Square ao presente dos desfiles con ritmos de second line e citas especiais para as melodías que tanta xente cantou algunha vez: What A Wonderful World, Just A Closer Walk, When the Saints Go Marching In.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Domingo 17 de decembro

19:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA



Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos | inglés

TERTULIA PRODUCCIÓN

Remember Queen

Comeza unha nova tempada do espectáculo "Remember Queen", o espectáculo homenaxe a QUEEN que triunfa desde o ano 2005 nos mellores escenarios de toda Europa co mellor dobre do mundo Piero Venery.

Os artistas en "Remember Queen" coidan o máis mínimo detalle do espectáculo orixinal cunha posta en escena similar á que estes utilizaban na Xira do 86, sendo a última Xira de QUEEN con "Freddie Mercury" en escena.

QUEEN era excepcional porque os seus músicos eran excepcionais, como o seu batería Roger Taylor, recoñecido e destacado músico da historia do rock, que ademais foi compositor de gran parte dos éxitos como "Radio Ga Ga" ou "A Kind of Magic". O batería de "Remember Queen" Roberto D'Amicis, interpreta como ninguén outros éxitos de QUEEN como "I'm In Love With My Car".

Todas as grandes cancións como "We are the Champions" ou "Bohemian Rhapsody" nun espectáculo de éxito internacional visto por máis de cincocentas mil persoas protagonizado polo mellor dobre do mundo de Freddie Mercury, Piero Venery que desde Italia ofrécenos unha impecable caracterización do artista, xunto aos seus xestos, bailes e posta en escena.

Esta tempada poderemos gozar dunha nova xira de concertos polas principais cidades dentro das súas programacións festivas. Hai moitos tributos a QUEEN pero ningún como o noso espectáculo "Remember Queen".

Espectáculo fóra de bono

PREZOS: Venta anticipada ata o 30/11/2023:

Patio de butacas: 26,00 €

Anfiteatro 1: 24,00 €

Anfiteatro 2: 22,00 €

Venta dende o 1/12/2023:

Patio de butacas: 30,00 €

Anfiteatro 1: 28,00 €

Anfiteatro 2: 26,00 €

Venres 22 e Sábado 23 de decembro

Venres 20:00 / Sábado 17:30 e 20:00 | Pazo da Cultura

CIRCO



Todos os públicos | 70 minutos

LA FIESTA ESCÉNICA

Circo Mágico de Navidad

Historia ambientada nun pequeno taller de construción de xoguetes que está a piques de pechar por falta de traballo.

O dono un artesán quen fabricaba todo o que alí había, un home moi maior triste e preocupado porque non ten quen siga con esta tradición familiar artesanal.

Pero a minutos da hora de peche aparecerá un neno quen vén por un encargo moi especial: a construción dun xoguete de grandes dimensións e cun tempo moi limitado para a execución deste proxecto.

Aquí comeza esta gran aventura onde hai que desvelar o obxectivo desta creación onde o traballo en equipo é esencial, onde todo o imposible debe facerse posible.

Unha historia onde a colaboración é o eixo central. Amor e traballo en conxunto son o os ingredientes para esta gran construción de dimensións máxicas.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Menores de 14 anos: 7,00€





PAZO DA CULTURA


Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

T. 981 391 144
T. 981 102 897 (Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.gal
www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron

 @culturanaron

 @padroadodacultura

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DE CORUÑA

